

## Reflexións para o próximo convenio

Dicían Marx e Engels na súa obra “Manifesto Comunista”, escrita en 1.848:

*“Na mesma medida na que se desenvolve a burguesía, isto é, o capital, desenvólvese o proletariado, a clase de obreiros modernos que vive tan só se atopa traballo, e que soamente o atopa se o seu traballo engorda o capital”.*

No ano 2.006 a multinacional española Telefónica conseguía 6.223 millóns de euros de beneficios, un 40% máis có ano anterior e en 2007 ata setembro o 51% máis que no mesmo período do ano anterior.

Seguindo a análise marxista, ben parece que os traballadores de Telefónica algo tiveron que ver nese aumento de beneficios. É por iso que dende a CIG reclamamos a **Recuperación do poder adquisitivo e a actualización do resto dos conceptos retributivos que levan anos estancados.**

Continúa Marx: *“Estes obreiros, que teñen que venderse ó por menor son unha mercadoría coma outra calquera, exposta igualmente ás oscilacións do mercado”.*

No ano 2006 a multinacional española Telefónica foi considerada a operadora máis rendible do mundo.

Mentres tanto o seu cadro de persoal foi reducido tanto en España como en Ibero-américa. ¿De qué nos vale pois traballar na operadora máis rendible do mundo? Dende a CIG reclamamos **Garantía de emprego para tódolos traballadores/as da Empresa e mantemento do posto de traballo na localidade.**

Conta Vladimir Illich Ulianov -Lenin- no seu libro “O Imperialismo, fase superior do capitalismo” escrito en 1.916:

*“É evidente que a xigantesca superganancia permite corromper ós dirixentes obreiros e á capa superior da aristocracia obreira. O capitalismo ten a tendencia a formar categorías privilexiadas tamén entre os obreiros e a divorcialas das grandes masas do proletariado”.*

É por iso que dende a CIG **rexeitamos a negociación permanente**, dado que as comisións creadas a tal efecto, escapan ó control dos traballadores que din representar. Así mesmo, **reclamamos claridade e transparencia nos procesos de selección e promoción** e rexeitamos este mecanismo subxectivo de curriculum e entrevista, que ninguén sabe como se valoran e impiden calquera tipo de reclamación a quen se sinte prexudicado ( con razón ou sen ela).

Relata Jean-Jacques Rousseau na súa obra “O contrato Social” escrita en 1.762:

*“Chámanse en particular cidadáns, en canto que participan da autoridade soberana, e súbditos en canto están sometidos ás leis”.*

Nós queremos ser cidadáns e participar, e non ser súbditos e estar sometidos. É por iso que dende a CIG animamos e respaldamos ós representantes a que negocien o convenio para conseguir as melloras necesarias, mais coma cidadáns **esiximos a consulta ó cadro de persoal, antes da sinatura do convenio.**

Conta Eduardo Galeano no seu libro “Patatas arriba. La escuela del mundo al revés” escrita en 1.998:

*“O capitalismo loce o nome artístico de economía de mercado, o imperialismo chámase globalización, o dereito do patrón a despedir ó obreiro sen indemnización nin explicación chámase flexibilización do mercado laboral.*

*Son puntos de vista, onde os hindús ven unha vaca sagrada, outros ven unha gran hamburguesa.”*

Durante os meses de xullo e agosto, tivo lugar a folga de Liteyca para intentar mellorar as súas condicións laborais (900 Euros/mes, 40 horas/semana) mentres 2 compañeiros de A Coruña, 4 de Santiago, 2 de Pontevedra, 4 de Asturias e 3 de Guipúscoa fixeron 344 horas extraordinarias e repartíronse 13.577,67 euros.

Como nos di Galeano, podemos chamalo de diversas formas e velo dende distintos puntos de vista, pero o certo é que a empresa utiliza as contratas para desfacerse do persoal propio vía ERE, e utiliza persoal propio para rebentar as folgas da contrata.

E por iso que dende a CIG **rexeitamos as dispoñibilidades, as tarefas e esiximos a revisión da aplicación das horas extras.**

Segue Galeano:” *O medo o desemprego permite que impunemente se burlen os dereitos laborais.*

*Os dereitos laborais, legalmente consagrados con valor universal, foron, en outros tempos, froitos de outros medos: o medo á folga obreira e o medo á ameaza de revolta social que tan porto parecía. Hoxe en día, o dereito laboral estase reducindo ó dereito a traballar polo que queiran pagarche e nas condicións que queiran impoñerche. Quen se salva do terror á desocupación ? O desenvolvemento da tecnoloxía non serve para multiplicar o tempo de ocio e os espazos de liberdade, senón que está multiplicando o paro e sementando o medo”.*

Por iso dende a CIG reclamamos a **actualización dos dereitos laborais, a xornada laboral de 35 horas e rexeitamos a mobilidade funcional.**

Continúa Galeano: “ *Por moito que cada cidadán merque, será sempre pouco en relación ó moito que se necesita vender. Velaí a contradicción entre a obsesión de consumir, que require salarios cada vez máis altos, e a obriga de competir, que esixe salarios cada vez máis baixos*”.

Dende a CIG cremos que máis cedo ou máis tarde, a situación de comercial volverase dramática, se a empresa segue pola senda de esixir máis e máis vendas nun mercado cada vez máis saturado. Por iso reclamamos a **reapertura das oficinas comerciais nas localidades importantes para dar un mellor servizo público ós clientes e ampliar as posibilidades de traslado dos comerciais, e rexeitamos a presión que sofren est@s compañeir@s** para acadar un volume de vendas que ás veces non resulta posible.

Remata Galeano contándonos o que acontece en Francia, pero extensible a moitos países: “*Gérard Filoche, inspector de traballo en París, comprobou que o ladrón que rouba a radio dun automóbil, sofre máis castigo que o empresario responsable pola morte dun obreiro nun accidente evitable.*

*Por cada millón de violacións da lei que os inspectores de traballo constatan na Francia, só trece mil encontran condena ó termino dos procesos. E, en case todos os casos, esa condena consiste no pago dunha multa ridícula”.*

Dende a CIG pensamos que unha gran empresa como Telefónica, con aumentos espectaculares de beneficios de ano en ano, non debe tacañar na saúde laboral do seu persoal, por iso reclamamos que se **garantice o complemento por IT mentres dure a situación de baixa médica a criterio dos facultativos da Seguridade Social e rexeitamos os abusos das mutuas,** regulando no convenio colectivo medidas para que a RRTT poida rescindir o contrato coa Mutua cando non respecte a nosa saúde.

*Porque ven a conto de....*

### **Mc Donald´s**

As colas ante o Mc Donald´s de Moscova inaugurado en 1.990 simbolizan a victoria de Occidente.

Esta empresa que encarna as virtudes do mundo libre, nega ós seus empregados a liberdade de afiliarse a ningún sindicato.

### **AS ESTADÍSTICAS**

Nas Illas Británicas, de cada catro empregos, un é a tempo parcial. E en numerosos casos, é tan, pero tan parcial, que non se entende por qué se chama emprego.

Para maquillar os números as autoridades cambiaron os criterios estatísticos en trinta e dúas ocasións, entre 1.979 e 1.997 ata chegar á fórmula perfecta.

Non está desempregado quen traballa máis dunha hora por semana.

### **OS DEREITOS**

En 1.948 e 1.976, as Nacións Unidas proclamaron extensas listas de dereitos humanos; pero a inmensa maioría da humanidade non ten máis que o dereito de ver, oír e calar.

**A Negociación dun Convenio Colectivo é un proceso importante na vida laboral dun traballador en canto que o resultado vai determinar as condicións laborais e económicas nun determinado período de tempo que as veces pode ser de varios anos.**

**As mellores condicións de negociación para o cadro de persoal danse cando este está mobilizado entornando a conquistar uns obxectivos claramente definidos, poucos e prioritarios. A unidade dos traballadores con independencia da súa afiliación sindical entornando a estes obxectivos é esencial.**

**Debería haber unha plataforma única dos traballadores, fruto da fusión das distintas propostas sindicais referendada pola maioría do persoal, para o que é imprescindible a realización de Asembleas unitarias de traballadores. Estas deberían estar promovidas e convocadas polos Comités de Empresa e poderían ser dentro e fora da xornada laboral.**

**Uns obxectivos que nos sirvan a todos os traballadores, irrenunciáveis e máximo apoio @s compañeiros@s que nos representen na Negociación coa única condición de non renunciar a ningún deles, é o escenario ideal para avanzar na mellora das nosas condicións futuras.**

**No próximo proceso de Negociación non é fácil que se dea esa situación ideal. Desde a CIG intentámolo e seguiremolo intentando.**

Se pensas que os teus intereses e os de todos os traballadores e traballadoras necesitan ser defendidos permanentemente, une-te a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e abusos.

**AFILÍA-TE Á CIG, POLO TEU INTERESE.**

**BOLETÍN DE AFILIACIÓN**

Nome e Apelidos \_\_\_\_\_ Matrícula \_\_\_\_\_

Categoría \_\_\_\_\_ Unidade de Traballo \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

\_\_\_\_ Domiciliación das cotas por banco

\_\_\_\_ Domiciliación das cotas por nómina

Enviar a: Sección Sindical CIG, C/ Miguel Server: Edif-Central de Hércules.

correo : [coruna@cigtelefonica.com](mailto:coruna@cigtelefonica.com)

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)